

# O COELLIÑO BRANCO

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 14 €.

1º PREMIO NACIONAL DE ILUSTRACIÓN - 1999  
OS MELLORES LIBROS (Banco do Libro de Venezuela) - 2000  
PREMIO UN LIBRO PER L'AMBIENTE (Italia) - 2010  
PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2002  
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)  
PROGRAMA NATI PER LEGGERE (Italia)

**O coelliño branco** (galego)

ISBN 978-84-8464-548-1. Os contos do trasno.

**El pequeño conejo blanco** (castelán)

ISBN 978-84-8464-565-8. Cuentos tradicionales.

**El conejo blanco** (castelán)

ISBN 978-84-8464-235-0. Makakiños.

**El conillet blanc** (català)

ISBN 978-84-16804-00-9. Contes tradicionals.

**Untxitxo buria** (euskara)

ISBN 978-84-7681-823-7. Herri ipuinak.

**O coelhinho branco** (português)

ISBN 978-972-8781-58-3. Contos tradicionais.

**The little white rabbit** (inglés)

ISBN 978-84-8464-678-5. Books for dreaming.

**Il piccolo coniglio bianco** (italiano)


ISBN 978-84-1343-069-0. I racconti tradizionali.

*Érase unha vez un coelliño branco. Un día foi buscar coles á horta para facer un caldiño. Cando o coelliño volveu á casa, atopou a porta pechada e petou.*

*-Quén é? -preguntou un vozarrón desde dentro...*

Na busca de axuda para reconquistar o seu fogar, ocupado pola terrible cabra *cabraza*, que se lle salta enriba o *esmagaza*, o coelliño branco levará varias sorpresas. Trátase dun texto-fórmula concebido tanto para ser lido como para ser contado, e que xoga dunha forma especial coa sonoridade e coa rima. Tamén reivindica a amizade e a coraxe como proba de que a valentía non é cuestión de tamaños.

«O coelliño branco» é unha adaptación de Xosé Ballesteros a partir dun conto popular portugués, con ilustracións de Óscar Villán que, por esta obra, foi galardoado en 1999 co 1º Premio Nacional de Ilustración. O álbum foi incluído polo Banco do Libro de Venezuela no catálogo *Os Melloras Libros para Nenos* do 2000. Tamén se publicou na colección Makakiños, en colaboración coa Asociación BATA, adaptándoo ao sistema de pictogramas SPC para facilitar a lectura ás persoas con necesidades de apoio educativo.



■ **Temática:** a amizade e a valentía.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura encadeada; cooperación; animais humanizados; conta con versión adaptada a pictogramas; Premio Nacional de Ilustración 1999, entre outros galardóns; do autor de «[Imaxina animais](#)» e adaptador de contos tradicionais; do ilustrador da colección «[Do berce á lúa](#)», «[Un becho estraño](#)», «[A cebra Camila](#)», «[Amora](#)», «[Animais de compañía](#)», o libro-disco «[Canta connosco!](#)», «[Non hai escapatoria](#)» e «[O Rei Oso Branco](#)» (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-coelhinho-branco-g\\_3e13ff491893a1](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-coelhinho-branco-g_3e13ff491893a1)

■ **En Kalandraka Tv:**

<https://kalandraka.tv/gl/videos/kalandraka-20-anos-de-libros-para-sonar/>

## Xosé Ballesteros

(Vigo, 1956)

Editor, co-fundador de KALANDRAKA, escritor e tradutor. Publicou, entre outras obras, a novela «Talego» (Xerais, Premio García Barros). No eido da Literatura Infantil e Xuvenil é autor da serie «Os Gordibolas» (Xerais) e en Kalandraka do libro «Imaxina animais», ademais de adaptar contos tradicionais como «O coelliño branco», «[O traxe novo do rei](#)», «[Os tres osos](#)», «[Os sete cabritos](#)» e «[As pescadoras](#)» (Premio da 33ª Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Madrid); ademais, traduciu ao castelán a antoloxía «[Fernando Pessoa: selección poética](#)» (Faktoría K, 3º Premio Nacional aos Libros Mellor Editados 2015).

## Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura). Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, «O coelliño branco» (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Entre os numerosos libros que ilustrou para diversas editoriais, en Kalandraka destacan a colección «[Do berce á lúa](#)», o libro-disco «[Canta connosco!](#)», «[Un becho estraño](#)», «[A Cebra Camila](#)», «[Amora](#)», «[Animais de compañía](#)», «O Rei Oso Branco» e «[Non hai escapatoria](#)». Tamén realiza traballos de escultura, fotografía e deseño de carteis.

<https://ovillan.com>



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com